

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



M^a Isabel
Torres Jack,
Susana Trigo
Arcos



MONTE VIVO EN EL IES DE PONTE CALDELAS: UNA EXPERIENCIA DE REGENERACIÓN Y CUSTODIA DEL TERRITORIO FRENTE A LOS INCENDIOS FORESTALES. Subdirección General de Cooperación Territorial e Innovación Educativa, 2025.

O IES de Ponte Caldelas (Pontevedra), en colaboración co Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán, a Comunidade de Montes Veciñais de Cuiñas, e outros axentes da contorna, desenvolveu este proxecto educativo consistente en transformar un bosque queimado e degradado nun bosque autóctono, xerando así unha «área de custodia» e un espazo destinado á aprendizaxe e o goce de todos e todas.

Descárgao en



<https://bit.ly/4n0vtTL>

PLAN DE ADAPTACIÓN CLIMÁTICA COLEGIOS. ¿CÓMO IMPULSARLO DESDE LA COMUNIDAD EDUCATIVA?

Red Oficinas Vecinales de Energía Justa e Inclusiva y Bloques en Transición, 2025.

O obxectivo desta guía é orientar ás comunidades educativas para que poidan protagonizar estes cambios mediante o deseño participativo de plans integrais de adaptación climática. Estes centraranse en abordar a reflexión e elaboración de propostas ao redor de tres iniciativas estratéxicas: rehabilitación enerxética dos edificios do colexio, instalación de placas solares e promoción das enerxías renovables e renaturalización dos patios escolares



Red de Oficinas
Vecinales de
Energía Justa e
Inclusiva y
Bloques en
Transición

Descárgao en



bit.ly/4qQKGXk



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



**Deputación
DA CORUÑA**



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA





COGERSA



COMPOSTAJE EN CENTROS EDUCATIVOS. GUÍA DE RECURSOS PARA PROFESORADO Y ALUMNADO. Principado de Asturias, Cogersa, 2025.

Esta guía pretende ser unha ferramenta de apoio para a compostaxe con orientacións pedagóxicas para o profesorado, cun abanico de posibilidades para explorar desde distintas áreas do coñecemento. Diferentes actividades para cada nivel educativo e unha sección de consulta con ligazóns e webs de referencia.

Descárgao en


bit.ly/3LsDAb1

UN MUNDO SOSTENIBLE. UN MUNDO ENTRE TUS MANOS. Fundación ENTRECULTURAS, 2022.

Estas actividades convidan a quen as realice a coñecer cal é a situación da Terra así como a reflexionar sobre cal pode ser a súa contribución e a das demais persoas como parte dunha cidadanía global para reverter o mal futuro que todos os prognósticos auguran ao noso planeta. As propostas didácticas divídense en catro bloques por idade. Ao final do material propónse unha xincana para todas as idades para traballar esta temática nun formato máis lúdico, deixando en man das persoas que a dinamicen as adaptacións necesarias para o grupo co que se realice.



Equipo Área de Cidadanía, Fundación Entreculturas

Descárgao en


bit.ly/3JL8mLI



Alejandro
Galindo



CUENTOS INFANTILES DE SOSTENIBILIDAD Y MEDIO AMBIENTE. UNA COLECCIÓN DE CUENTOS INFANTILES PARA PROMOVER LA SOSTENIBILIDAD AMBIENTAL. Universidad de Almería, 2025.

Unha colección de contos infantís creada no proxecto "Creación Artística e Sustentabilidade Ambiental: Talleres e Narrativas para o Cambio", desenvolto na Universidade de Almería. Busca fomentar unha conciencia social positiva nos máis pequenos e as súas familias, promovendo valores de sustentabilidade e coidado do medio ambiente. As historias inclúen personaxes fantásticos e incorporan feitos científicos. Este esforzo creativo pretende inspirar a imaxinación e lembrar que coidar o planeta é unha tarefa de todos.

Descárgao en



bit.ly/3LyZV6R

MI FAMILIA Y HUMBOLDT NOS ACOMPAÑAN A DESCUBRIR LA NATURALEZA. ECOEMBES, 2025.

A seguinte proposta didáctica inclúe situacións de aprendizaxe con diferentes niveis de complexidade e dedicación. Os obxectivos principais son que o alumnado descubra e valore a importancia da diversidade biolóxica da contorna máis inmediata ao centro e que ao mesmo tempo sexa capaz de identificar as súas principais ameazas e posibles solucións. Á vez que o alumnado se mergulla cos seus iguais e en familia, nas aventuras do ilustre naturalista Alexander von Humboldt, nun proceso de aproximación ao método de investigación científica. Esta actividade require da implicación familiar do alumnado.




Naturaliza

Descárgao en



<https://bit.ly/43MNBje>

Michał
Figura,
Daniel
Mizieliński(il.)



LOBOS: HISTORIAS AUTÉNTICAS. Maeva, 2024.

Unha novela gráfica para público xuvenil que rompe mitos e prexuízos sobre os lobos. Para descubrir como é a estrutura dos grupos de lobos e por que realizan migracións de longa distancia. Explorando mitos comúns sobre estes animais, estudando os seus restos ou ver como funciona unha cámara trampa. Todo iso acompañando ás historias de lobos reais. Porque «en todos os lugares nos que viven animais salvaxes vive tamén o home.»

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Vigo](#), [Ferrol](#), [A Coruña](#), [Cangas](#)

A ÚLTIMA FRONTEIRA. Patas de Peixe, 2023.

Esta historia íntima e colectiva de abraio e aventuras que explora a través dun carrusel de imaxes en movemento temas como a celebración da natureza e a fragilidade das paisaxes salvaxes. De forma paralela, fainos ser conscientes dos afectos familiares e dos vínculos que nos unen á vida en todas as súas dimensións, do persoal ao colectivo, do íntimo ao universal. A impresionante obra de arte de Cecilia Heikkilä está chea de textura, cor e carácter. Os lectores/as atoparán nas súas ilustracións calma e acougo, abraio e emoción.



Cecilia
Heikkilä

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Poio](#), [Carral](#), [Mugardos](#), [Neda](#)

Bibliotecas Universitarias: [UDC](#)

Inês Castel-
Branco,
Neus
Caamaño(il.)



UN PAISAJE, UNA FLOR. Akiara Books, 2025.

As flores son seres maravillosos, arraigados na terra e orientados cara ao ceo. Cada unha delas está intrinsecamente asociada a un lugar concreto, a un tipo de chan e de clima que forxaron a súa personalidade e fixérona tal como é. Cada flor é unha obra de arte, un milagre, un prodixio da intelixencia da vida. Cada flor enche o mundo de beleza! Con ilustracións que captan a esencia de cada paisaxe e cada flor, este álbum ilustrado é un percorrido a través das cores e as características extraordinarias de trinta flores moi especiais de todo o mundo.


En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Wingspan: Expansión Europea. Stonemair Games, 2019.

Primeira expansión do xogo de mesa Wingspan, no que seguimos explorando o mundo para incluír as maxestosas, coloridas e variadas aves de Europa. Estas aves presentan numerosos novos poderes, outros que aumentan a interacción entre os xogadores e beneficios como cartas ou alimentos. Do mesmo xeito que as novas cartas de bonificación poden mesturarse co mazo orixinal (e coas cartas de futuras expansións).



Elizabeth.
Hargrave

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



DOMINGO
QUIROGA
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



**Deputación
DA CORUÑA**



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>